

presenza de OMN e de DILBORG

Lino Braxe

(obra para títeres)

(O pano do teatriño será roxo, e tera no centro un estandarte negro a maneira de gnomo ou trasno mántico. Unha voz en off lerá a dedicatória.)

VOZ EN OFF:

Esta obra está dedicada a todos os povos reais ou irrealis que non precisan de deuses ou líderes para sobrevivir.

(Ergue-se o pano. Aparez un panel pintado sobre tela ou papel. Debuxado nel, un mapa do país onde se desenvolve a acción. Un actor sairá do teatriño e dirixirá-se cara um micrófono que estará emprazado en primeiro termo. Comeza a ouvir-se o Idílio de Sigfrido de R. Wagner. O pano ergue-se lento e a voz do actor comenta a escena.)

ACTOR

Esta é Tradescantia. Un mundo alén da neve e do xelo. Un país sen claras fronteiras, sen cidades nomeaveis, pero con tribos, línguas e animais imaxinados por vós para beleza deste espectáculo.


(Sube a música de Wagner e cambia-se o panel. Xurde unha paisaxe que servirá de fondo escénico para toda a obra. Colgados no ár habitan un ave con cabeza de muller e corpo de sapo, un cavalo con tropa de elefante e unha serea con oito brazos. Un sol verde á esquerda e unha lua roxa á direita. Árvores escuras e todo nevoento. Baixa a música de Wagner e entran en escena o gnomo Dilbörg —miúdo, rechoncho e simpático— e o sábio Omn —todo él é unha barba branca que pisa constantemente cando fai algun movemento.)

DILBORG.—Como todos os anos, amado Omn, veño perguntar-te polo porvir do meu povo. Xa sabes que o héroe non dá chegado e alguns comenzan a estar fartos de esperar.

OMN.—(Solene e pedante.) Non está lonxe o día en que os homes da tua raza se verán livres da cólera que vos consume. Non seredes escravizados nunca mais polo destino e daredes grácias aos deuses eternamente. Pero non debes ollar-me incrédulo, querido Dilbörg, a vosa obriga é estar temerosos, vós...

DILBORG.—(Interrompe-o) Amado Omn, cambia de ton, temo-me que o ano pasado me dixeches o mesmo, e no anterior tamén, e así desde a estazón Orta, na que o meu avó —corria o ano 1000 antes do incéndio— veu perguntar-te o que eu te pergunto agora. Por iso, amado Omn, prego-te que esta vez sexas mais breve.

OMN.—Non te falla razón, Dilbörg querido, pero ten en conta que un é sábio, e un sábio deve ater-se a certas regras, xa sabes, os bons costumes non se poden perder así como así.



BERTA A. CÁCCAMO

Un sábio é un sábio ou non o é, e non hai mais voltas que dar-lle. Non é certo?

DILBORG.—(Con rara indiferencia) Sí, Sí.

OMN.—Un sábio deve ter barba comprida como eu, non sí?

DILBORG.—Sí, sí.

OMN.—E deve ser bó e xeneroso, e non dizer frases feitas, e non resultar vulgar á vista da xente. Non sí?

DILBORG.—Comprendo. Pero gostaria de que me falaras un anaquiño de por qué o noso héroe non dá chegado. Eh, sábio, por qué?

OMN.—Non o creas, ando a preparar toda crase de conxuros pero non estou mui inspirado ultimamente. Os sortilexios resultan un auténtico desastre.

DILBORG.—(Asustado e exixindo) Pero non nos podes abandonar, todo o meu povo confia en tí! Ti es quen deve vender cando naufragará o noso guerreiro na praia do "mol" aló no Norde. Ti es quen...

OMN.—(Interrompendo.) Pero que teima tedes co guerreiro esgrévio e lanzal que virá do norde! Non vos serve un robot?

DILBORG.—Estás tolo? Tí pensas que o meu povo ía seguir un robot?

OMN.—Non claro, é obvio... están demasiado mediatizados. Pensemos...

(Paseian polo escena con aceno pensante. De fondo a marcha fúnebre de Chopin. Xurde un letreiro ao fondo do escenario que pon: ANDAN A PENSAR.) (De súbito o mago para-se e fai un xesto arquimidesco.)

OMN.—Eureka! Xa o teño! Convocarei ao espírito dos goidelos para que me manden un dos seu fillos que vaga polo "non tempo" e que baixe aquí e solucione as vosas encuitas. Creio que é o mais práctico, e o menos fadigoso.

DILBORG.—Parece-me que non lle otorgas demasiada importancia, e que non te decatas do angustioso que é para o meu povo esta insupportável espera. Es cruel, amado Omn.

OMN.—Querido Dilbörg, penso que podíades facer algo mais aparte de esperar, non sí?

DILBORG.—Ti pensas? Se realmente sabes o que podemos facer, di-mo estou desexando escoitar-te.

OMN.—Pois claro que o sei, é o meu deber. Acaso non son un sábio, o SABIO? Daquela. (Realiza un aceno de autosuficiencia e dí) Podíades procurar ao héroe entre un de vós.

DILBORG.—Entre un de nós? Estás esquizofrenicamente tolo? Non ves que somos mui baixiños?

OMN.—Por suposto que o vexo, é o voso deber. Sería ridículo que os gnomos forades altos! Non te parez; Dilbörg querido?

DILBORG.—Si amado Omn, pero con iso non ves senón confirmar o que eu digo. Temos necesidade dunha forza exterior, dun poder alleo que teña a capacidade de poder acadar, simpáticamente, a liberdade para o meu povo.

OMN.—(Asentindo, seguro que sí, pero totalmente ausente ao mesmo tempo.) Comprendo. (Cambiano de ton) E se un de vós, subise enriba de outro, ao mellor así, podedes enganar ao destino. Ultimamente teño entendido que olla moi ben. Se cadra pasades desapercibidos.

DILBORG.—Non me parez unha soluzón seria, amado Omn.

OMN.—Sí, xa o sei. Pero resulta convincente como excusa para utilizar as miñas artes.

DILBORG.—Negas-te pois a realizar o conxuro?

OMN.—Querido Dilbörg, non me nego. Digamos que me considero incapacitado.

DILBORG.—(Sacando un coitelo.) Amado Omn, non esquecerás o que dí a lei?

OMN.—Que ía esquecer, home!

DILBORG.—E aínda así, negas-te?

OMN.—Rotundamente.

DILBORG.—Entón amado Omn, non me deixas mais remédio que cumprir co meu deber.

OMN.—(Indiferente.) Cumpre, filisteo, cumple.

DILBORG.—Advirto-che que non sentirei remorsos.

OMN.—(Sentenciando e con dúbida.) Veremos...

(Crava-lle o coitelo. Xogo de luzes, que a modo de treboada, impide ver claramente o que ocorre en escena. Soa a Invocazón a Samiel da ópera "O cazador furtivo" de Weber... Un moneco-héroe irá-se erguendo até estar de pé momento en que cesará a música. Luz.)

DILBORG.—(Asombrado.) Quén es tí?

O HEROE.—Querido Dilbörg, non me reconeces?

DILBORG.—(Recoñece no Héroe a voz de Omn. Asustado.) Qué?

O HEROE.—(Solene) Escrito está na profecía que aquel que mata ao sábio, descubrirá que o

héroe, non é senón, este mesmo. Pero que só coa morte do primeiro poderá xurdir a vida no segundo.

DILBORG.—Pero entón, qué pasa co meu povo?

O HEROE.—Non o sei, tanto me ten. De todos os xeitos, agora precisades dun sábio.

DILBORG.—Mais o sábio es tí, ou non?

O HEROE.—Querido, por qué non imos liberar algunhas razas da Tradescántia? Este diálogo comeza a adiviñar-se un tanto aburrido.

DILBORG.—Como ti digas.

O HEROE.—Entón, imos.

(Van-se alonxando cara a dereita do escenario. Antes de saír o Héroe fala.)

O HEROE.—Ah, por certo, a quen teño que libertar hoxe?

DILBORG.—Á tribo dos Velaiñovelóriovaleros.

O HEROE.—Resulta cargante.

DILBORG.—Qué amado, Héroe, qué?

O HEROE.—Qué sexades tan miúdos, querido Dilbörg, e sen embargo teñades uns nomes tan inadecuadamente longos: Non sí?

DILBORG.—Sí, sí.

(Saen da escena. Entra a música da obra para piano "Transmigración" da autoría do infeliz escritor destas liñas. Coa última nota remata a obra. Cai o pano. Aquel duende, ou gnomo, ou trasno de cor negra que estaba no centro do pano, agora sorri, mentres que ao comezo andaba a chorar.)

Ao niente...



TONO CARBAJO